

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:35 horas do día 24/05/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. M^a **LUISA SANCHEZ MENDEZ**, sendo a súa suplente D^a. M^a **SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D. ROBERTO JOSE ALVAREZ CARRERO, D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. GREGORIO AGIS GOMEZ en substitución de D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 19 de abril de 2024

2.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A " CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACÍONS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICÍONS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024"

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e ás federacións deportivas galegas e españolas para posibilitar a organización de competicións e eventos deportivos que se realicen nesta provincia durante o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 24/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2024, por un importe total de cincocentos mil (500.000,00) euros, distribuído da seguinte maneira:

Liña 1.....	300.000,00 €
Liña 2.....	200.000,00 €

Poderán beneficiarse desta convocatoria os clubs deportivos legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, e as federacións deportivas galegas e españolas, independentemente do seu domicilio fiscal.

As bases foron publicadas no BOPPO núm. 92 de 10 de maio de 2024 e o o prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de xuño.



3.- DAR CONTA DO RESULTADO DO SORTEO E PUBLICACION DA LISTAXE DEFINITIVA PARA OS CAMPAMENTOS DA LANZADA 2024

O martes 14 de maio, publicouse no BOPPO o anuncio coa lista definitiva de nenos e nenas admitidos e excluídos para participar no sorteo, así como a data do sorteo das prazas, que tivo lugar o mércores 15 de maio, ás 12 horas, na sala de prensa do Pazo provincial da Deputación.

Despois do sorteo publicáronse na páxina Web da Deputación as listas de menores con praza por cada quenda, así como as listas de espera dos primeiros 100 menores de cada quenda.

Os campamentos terán lugar entre o 23 de xuño e o 7 de setembro de 2024. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado), nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 23 ao 29 de xuño
- Segunda quenda: do 30 de xuño ao 6 de xullo
- Terceira quenda: do 7 ao 13 de xullo
- Cuarta quenda: do 14 ao 20 de xullo
- Quinta quenda: do 21 ao 27 de xullo
- Sexta quenda: do 28 de xullo ao 3 de agosto
- Sétima quenda: do 4 ao 10 de agosto
- Oitava quenda: do 11 ao 17 de agosto
- Novena quenda: do 18 ao 24 de agosto
- Décima quenda: do 25 ao 31 de agosto
- Décimo primeira quenda: do 1 ao 7 de setembro

4.- DAR CONTA DA PRESENTACION DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA “SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A CENTROS EDUCATIVOS E ANPA SITOS EN CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MEDIOAMBIENTAL “VIVE O RURAL”

O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 5 de abril e pechouse por RP de 15 de maio, número 2024002368 por ter esgotado o crédito dispoñible, que será obxecto de publicación no BOPPO e na sede electrónica.

As entidades non admitidas a trámite son 57,

5.- DAR CONTA DA APROBACION DO PROGRAMA “O TEU ESPAZO XUVENIL” PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DESTINADAS A FINANCIAR EQUIPAMENTOS DE LOCAIS DESTINADOS Á MOCIDADE”

A posta en marcha desta liña específica de subvencións responde á necesidade de que a mocidade que reside nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra dispoñan de espazos públicos onde poder reunirse e promover actividades de interese social que redunden en beneficio da comunidade, cumprindo así os obxectivos pretendidos pola Lei de impulso demográfico de Galicia xa citada nos antecedentes.



A contía destinada a esta convocatoria que ascende a 100.000,00 €.

A os efectos de esta convocatoria, enténdese por “local destinado á mocidade”, aquel que sexa de uso exclusivo para actividades desenvolvidas pola xuventude, ou aqueles destinados a usos compartidos sempre que se acredite o seu uso pola xuventude de xeito continuado ao longo do ano, cunha ocupación mínima de 1 día á semana.

As bases publicáronse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións do 2 de maio, e o prazo de presentación de solicitudes é de 2 meses a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións. O prazo remata o 2 de xullo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:40 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

